

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA IES Nº1 RIBEIRA

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Educación Física acorda levar a cabo unha serie de modificacións no desenvolvemento da súa Programación anual para adaptarse ás instrucións publicadas no 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, facendo especial énfase a catro aspectos fundamentais:

- 1.- Aprendizaxes esenciais dos 1º e 2º trimestres
- 2.- Actualización dos criterios de avaliación e cualificación
- 3.- Definición dos mecanismos de recuperación
- 4.- Modificacións metodolóxicas bacharelato adultos

Aprendizaxes esenciais dos 1º e 2º trimestres

- * Recoñecer e aplicar as actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, dende unha perspectiva saudable, adoptando unha actitude crítica ante as prácticas negativas para a mesma.
- * Entender as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e como utilización responsable do contorno próximo.
- * Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable.
- * Resolver situacións motoras de oposición, colaboración e oposición-colaboración, empregando as estratexias mais axeitadas en función dos estímulos significativos e as limitacións regulamentarias.
- * Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas empregando diferentes técnicas de expresión corporal.
- * Analizar criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.

Actualización dos criterios de avaliación e cualificación

1.- O alumnado que teña superadas as dúas primeiras avaliacións terá a materia aprobada, sendo a súa cualificación final a resultante da **media aritmética das dúas avaliacións**. Non obstante, deberá seguir facendo aquelas tarefas que o profesor ou profesora correspondente lle encomende ata final de curso se quere subir esta cualificación final. Esta subida poderá ser, como máximo, de **dous** puntos. As características desas actividades se farán chegar periodicamente ao aula virtual do IES nº1 de Ribeira, no curso correspondente, ao longo do terceiro trimestre, así coma por outros medios telemáticos, coma o correo electrónico ou o WhatsApp.

Definición dos mecanismos de recuperación

1.- **O alumnado que teña suspensa algunha das dúas avaliacións anteriores** poderá recuperalas realizando as tarefas que se indiquen no aula virtual do IES nº1 de Ribeira, no curso correspondente, así coma por outros medios telemáticos, coma o correo electrónico ou o WhatsApp. Aquelas e aqueles que recuperen as avaliacións suspensas acadarán o **aprobado na materia de E.F.** para o curso actual 2019-2020. A tal efecto contémpanse todas as actividades establecidas como obrigatorias, voluntarias, exames

telemáticas e traballos de carácter teórico ou teórico-práctico, debendo ser entregados nas formas e tempos establecidos. As características destas actividades se farán chegar polos medios telemáticos anteriormente citados ao longo de todo o terceiro trimestre.

2.- Alumnado con materia pendiente dos cursos anteriores: Tal e como se recolle na Programación anual do Departamento, o alumnado que supere a materia no curso no que está actualmente, terá tamén aprobada a **materia pendiente**, atendendo ao criterio de continuidade da asignatura. En caso contrario, isto é, non acadar o aprobado no presente curso, o alumnado deberá superar as tarefas, probas e traballos teóricos, prácticos e teórico-prácticos que o profesor da materia estableza para tal efecto, nas datas que se indiquen, incluíndo un exame vía telemática ou de carácter presencial se as novas condicións sanitarias así o permitisen.

Modificacións metodolóxicas Bacharelato adultos

Empregarase a aula virtual do centro para informar aos alumnos das tarefas a realizar e do seu tempo e forma. A materia será de repaso e reforzo do tratado en cursos anteriores e nos dous primeiros trimestres do actual. No caso de avanzar materia (se así se considerase pola evolución dos alumnos), será como ampliación para aqueles que o precisen, mais **non será obxecto de avaliación**.

O alumnado fará: cuestionarios na aula virtual baseados nos apuntes dados, que será a parte conceptual da materia, e un traballo / proxecto que se considerará a parte práctica da mesma, avaliados nos mesmos porcentaxes que nos anteriores trimestres, a efectos informativos.

A **nota final** do curso académico será a media aritmética das notas do primeiro e segundo trimestre, e a nota do terceiro se empregará para subir a media do alumnado se fose o caso.